

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2019/2020

1. Obxectivos principais a reforzar

Criterio de avaliación	Obxectivos de reforzo
Coordinar e controlar o seu corpo e recoñecer as súas diferentes partes	Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos
Discriminar obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.	Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e mais establecendo relacións de agrupamentos, clasificacións orde e cuantificacións.
	Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, ...
Identificar, coñecer e participar en algunhas manifestacións culturais próximas	Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega-expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc.
Mostrar interese polos textos escritos presentes contorno próximo, iniciándose no seu uso, e na comprensión das súas finalidades e no coñecemento dalgunhas características do código escrito. Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura.	Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos
Expresarse e comunicarse utilizando os diferentes medios, materiais e técnicas propios dos diferentes linguaxes artísticos e audiovisuais, mostrando interese por explorar as súas posibilidades.	Potenciar a capacidade creativa a través de linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
	Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimento, de representación, de aprendizaxe.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>O método de avaliación é a observación sistemática do alumnado na aula e a análise das súas producións.</p>
	<p>Instrumentos: mediante un rexistro das observación na aula e realización de actividades que permitan a posta en práctica do aprendido a través de debuxos, fichas, libro, preguntas, xogos,...</p>
Cualificación final	<p>Debido a que en Educación Infantil a principal fonte de información é a observación na aula, a avaliación do terceiro trimestre será en base aos datos obtidos no primeiro e segundo trimestre. Así, os ítems a avaliar para o terceiro trimestre serán os mesmos que se concretaron para a segunda avaliación, de forma que terei en conta o progreso do alumnado, pero a principal fonte de información para avaliar será o observado e adquirido ata o fin das clases presenciais.</p>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

3.1. Actividades

Lectoescritura e expresión oral:

- Tarefas co nome: escritura, identificación de letras, comparar tamaño con outros,...
- Identificación de letras e conciencia fonolóxica.
- Lectura e comprensión de contos: personaxes que aparecen, nomes, orde de sucesións das accións,...
- Formar palabras con letras escritas en diferentes materiais: tapóns, pedras, recortes de revistas,...
- Inventar un conto novo e gravar contando a nova historia
- Recitar poesías
- Resolver adiviñas
- Repaso de aspectos sinxelos en inglés

Lóxico-matemática:

- Xogos con formas xeométricas
- Asociación grafía-cantidade con diferentes xogos : con dados, pegando adhesivos , con legumes,...
- Repaso da escritura numérica
- Xogar con crebacabezas
- Ordenar obxectos por tamaños
- Clasificar e agrupar atendendo a diferentes criterios
- Seriacións de elementos
- Aspectos espaciais: arriba-abaixo, dentro-fora, preto-lonxe,...

Creatividade e motricidade fina

- Facer un collage con recortes de papeis
- Manualidades con materiais reciclados: bolos, flores de primavera, arco da vella, “balero”,...
- Facer debuxos libres
- Elaboración de plastilina caseira, botellas sensoriais,...
- Participación en actividades culturais: pascua, día do libro, letras galegas,...
- Xogos de pintar co dedo, facer trazos precisos, “pescar “,...
- Traballar a grafomotricidade: facer debuxos en area, trazos sobre papel con rotuladores, pegar adhesivos, unir puntos,...

Psicomotricidade e música

- Xogos de encestar, facer percorridos, saltos,...
- Cantar cancións e facer xestos acompañando a música
- Seguir o ritmo da música : rápido e lento

3.2. Metodoloxía

O método empregado é mediante a plataforma Edmodo. Todas as familias da aula están conectadas, o que permite a difusión das diferentes actividades a través da plataforma.

Tamén, permite a comunicación coas familias, o envío de imaxes das actividades feitas, consultar dúbidas,..

Así, cada mañá, subo unha actividade como proposta do día, onde explico a finalidade da mesma e engado unhas imaxes orientativas para a súa realización

3.3. Materiais e recursos

Posto que cada familia ten unha situación diferente e os recursos deles serán tamén diversos, todas as actividades que proponho están pensadas para poderse facer con materiais reciclados e que poidan ter na casa. Nunca subo actividades para as que se necesite a impresión, recursos elaborados ou materiais moi específicos. Por tanto, os materiais e recursos que se empregan para as actividades son sinxelos e básicos, e por suposto, para que cada familia se poda adaptar co que teña no seu fogar.